

## **16/2019. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 31 DE XULLO DE 2019.**

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Mugaros, sendo as doce horas e un minuto do d3a trinta e un de xullo do ano dous mil dezanove, previa convocatoria e citaci3n 3 efecto, re3nese o Concello Pleno en sesi3n extraordinaria urxente e primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa-presidenta Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, con asistencia das/dos concelleiras/os D. Iv3n Mart3nez Gonz3lez, Dna. Mar3a Dolores Gonz3lez Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. Jos3 3ngel Mart3nez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fern3ndez Fern3ndez, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, Dna. Ana Mar3a Varela Bastida, D. Jos3 Miguel Mah3a Prados, Dna. Bego3a Rold3s Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado e D. Argemino Varela Filgueiras.

Act3a como secretario accidental o funcionario, D. Diego Seijo Alonso, en virtude do nomeamento efectuado por Resoluci3n do Director Xeral de Administraci3n Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e de acordo coa comunicaci3n efectuada 3 Direcci3n Xeral de Administraci3n Local da Xunta de Galicia en data 16.07.2019, ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resoluci3n da Alcald3a n3m. 794/2019, de 15.07.2019.

Aberta a sesi3n pola Presidencia, 3ntrase no estudio e discusi3n dos asuntos incl3idos na orde do d3a, adopt3ndose os seguintes acordos:

### **1.- RATIFICACI3N, SE PROCEDE, DO CAR3CTER URXENTE DA CONVOCATORIA.**

**Sra. Alcaldesa:** O primeiro punto da orde do d3a 3 a ratificaci3n, se procede, do car3cter urxente da convocatoria. A urxencia da convocatoria ven provocada pola publicaci3n no Diario Oficial de Galicia, do luns 29 de xullo, da orde do 15 de xullo de 2019, pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros p3blicos dependentes desta conseller3a nos niveis de educaci3n infantil, educaci3n primaria e educaci3n especial, que no seu artigo tres comprende a supresi3n dos centros e no que se especifica suprimir os centros docentes que se relacionan no Anexo IV desta orde, onde ven incl3ido a Escola Infantil de O Seixo, en Mugaros. Abrimos un turno para a urxencia. E... Juan Domingo.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Simplemente e... n3s vamos a votar a favor da urxencia, pero en todo caso ver3amos moito m3is l3xico que... houbo un Pleno fai escasos minutos, e o que nos parecer3a o m3is sensato, en cuesti3ns de racionalizaci3n de todo tipo, 3 que este tema vi3nese ao Pleno Ordinario, dado que poder3a vir por urxencia igual que ven agora mesmo, e non facer unha nova convocatoria plenaria que non ten sentido. O que ten sentido e ter tratado o tema nun Pleno Ordinario, tendo un Pleno xusto uns minutos antes. Simplemente manifestar que cremos que poder3a vir perfectamente ao Pleno Ordinario.

**Sra. Alcaldesa:** Ben, abrimos un segundo turno. Bueno, pois o sometemos ent3n a... a votaci3n. Votos a favor do car3cter urxente da convocatoria.

E tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia sométese a votación o carácter urxente da convocatoria, e o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda ratificar o carácter urxente da convocatoria.

## **2.- ANUNCIO DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA SUPRESIÓN DO CENTRO EEI DO SEIXO.**

Tras deliberación, sométese o asunto a votación, e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Xunta de Voceiros realizada en data 30.07.2019, por 8 votos a favor (4 EU-SON-EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e 5 abstencións (5 PP), acorda presta-la súa aprobación á proposta formulada pola Alcaldía en data 30.07.2019, obrante no expediente, e en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Rexeitar a decisión da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da supresión do centro EEI do Seixo.

2.- Solicitar unha reunión co Delegado Territorial para abordar a continuidade da EEI do Seixo.

### **DELIBERACIÓN**

**Sra. Alcaldesa:** Pasaríamos entón ao segundo punto, que é anuncio da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da supresión do Centro da Escola Infantil de O Seixo. Vou dar lectura ao manifestado na Xunta de Voceiros do día 30 de xullo. Bueno, rematadas as intervencións a Xunta de Voceiros, coa manifestación de apoio dos grupos municipais de Esquerda Unida-SON-En Común, BNG e Partido Socialista, e o apoio condicionado do Partido Popular a que por parte do Concello de poñan medidas alternativas de conciliación, de políticas fiscais e de subvencións para que as familias queden no Seixo e así evitar o peche, acorda prestar aprobación á proposta da alcaldía e, en consecuencia adoptar o seguinte acordo: Primeiro, rexeitar a decisión da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da supresión do centro da Escola Infantil do Seixo. Segundo, solicitar unha reunión co Delegado Territorial para abordar a continuidade da Escola do Seixo. E terceiro, que sería convocar unha sesión extraordinaria e urxente do Concello Pleno para o mércores, día 31 de xullo ás 12:00 para reclamar a continuidade do centro da Escola Infantil do Seixo. Con isto abrimos un turno de palabras. E... Gemi.

**Sr. Varela Filgueiras:** Si, bueno, bos días a todos e a todas. Nós e... o certo é que neste primeiro turno non temos moito máis que dicir que o que xa dixemos onte tanto na Xunta de Voceiros como na xuntanza que mantivemos coa veciñanza de O Seixo, e aquí vamos a apoiar calquera iniciativa que... que vaia encamiñada a impedir o peche, ou máis ben, como dixen onte tamén, a favorecer a reapertura, porque o peche xa está publicado, a favorecer, como digo, a reapertura do Colexio de O Seixo.

**Sra. Alcaldesa:** Juan Domingo.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Bueno e... nós xa manifestamos na comisión que tivo lugar onte, a nosa posición respecto a que entendemos que rexeitar unha medida por si soa non vai a axudar a que a Xunta de Galicia mova unha ficha cun criterio que vale para todos. Cremos e manifestamos que deberíamos adoptar unha decisión na que o Concello de Mugar dos ademais de rexeitar ese peche e intentar ter unha dele... unha reunión con esa Delegación Territorial, tamén poña encima da mesa medidas que poidan condicionar e en certa medida comprometer á Xunta de Galicia a que teña que reconsiderar as súas medidas para que non se peche a escola. Formuláramos varias, como por exemplo, loxicamente, pois poñer esas medidas de conciliación, esas vivendas que poidan estar a disposición de familias, que estean á súa disposición para asentarse no núcleo de O Seixo, e que serían boas para que... non tomar medidas a curto prazo senón que a Escola poida ter un percorrido moito máis amplo para que poida... non teñamos tódolos anos o mesmo problema; non podemos poñer un parche ante unha ferida dese tipo. Polo tanto, ante un problema de falta de alumnado, ante falta de nenos e nenas no Seixo hai que dotar doutra serie de medidas. O Concello non fixo nada durante todos estes anos para intentar, sabendo que é un problema que xa ven arrastrado durante montóns de anos, de facer políticas activas para frenar esta cuestión. Polo tanto, o que formulamos o outro día é ben claro, primeiro, independentemente de que rexeitemos, tamén temos que poñer encima da mesa alternativas, porque hai un montón de escolas que van a ir en cadea en Galicia, e só con rexeitar as medidas un non se pon a reconsiderar as medidas, igual que unha empresa que pecha só con protestar non se poñen medidas para que se manteña, obviamente hai poñer pois unha viabilidade na empresa ou hai que dotar de medidas encima da mesa que fagan viable unha cuestión. Por iso, a nosa proposta é que independentemente dos puntos que veñan hoxe, que entendo que son os de... os mesmos que viñeron aquí, é engadir un novo punto, que sería o punto cuarto, no que o Concello de Mugar dos se compromete a dotar nun prazo curto de tempo, esta mesma semana, unha serie de medidas e compromisos que adoptaremos nunha das comisións que se fagan a tal efecto para impulsar medidas que o Concello poida comprometer e levar a esta mesa de negociación coa Xunta de Galicia, para presionar á Xunta de Galicia a que con argumentos e non con pataleos a Xunta non teña máis remedio que reconsiderar a súa postura referente á escola, para darlle viabilidade e non só para dicir que non, non estamos de acordo cunha medida que segue un criterio obxectivo, que é o peche daquelas escolas que non teñan a ratio de cinco... de menos de seis alumnos por... por colexio, neste tema. Polo tanto cremos que é moito máis obxectivo e moito máis produtivo para o noso Concello, para defender os dereitos, e loxicamente os servizos, poñer encima da mesa un traballo. Protestar faino calquera, o problema é tomar medidas activas para tomar decisións, e o Concello de Mugar dos ten que ser valente; o Concello de Trabada tiña exactamente un caso parecido, íase a pechar a súa escola e a Alcaldesa de alí puxo medidas de vivenda para familias de... dese concello, desa parroquia para que non se pechase, a Xunta reconsiderou a situación e esa escola xa hoxe non se vai a pechar. Polo tanto eu creo que a posición pasiva de só queixarnos e non facer nada por parte do Concello, cando temos ferramentas máis que suficientes para adoptar medidas, dende logo nós estamos por esa cuestión. Con nós se queren contar contan, imos a apoiar calquera desas medidas que propuxemos, que son e... pois acudir a esas... por exemplo, puxemos varias exemplos que son, acudir a esas vías de financiamento para rehabilitación de

vivendas, para poñer a disposición de familias, que bueno, pois por falta de recursos non poidan empadroarse no Seixo pero que poidan facelo porque efectivamente queiran facelo. E por exemplo pois facer bonificacións fiscais para familias que fagan asentamento no Seixo ou unha serie de medidas que supoño que entre todos poidamos chegar a facer atractivo que se dinamice a poboación ante unha falta de natalidade brutal que temos e sufrimos todos, e que obviamente pois temos que adoptar solucións. Xa digo, estar nunha cadeira e queixarse non vai con nós, nós vimos para dar solucións, e como concelleiros cremos que temos a responsabilidade entre todos de adoptar medidas. ¿Que o Concello pode facelo?, pode facelo. ¿Que non quere facelo?, iso é outra cuestión, pero en todo caso non será por nós que non poñemos medidas encima da mesa para dicirlle á Xunta de Galicia, mire, vostede equivócase porque podemos buscar unha viabilidade á Escola Unitaria de O Seixo.

**Sra. Alcaldesa** (que traducido di): Vale, tra-la intervención do voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, e antes de dar paso ao segundo turno, imos facer un receso de dous minutos.

**INCIDENCIA.-** Faise constar que sendo as 12.10 horas pola señora Alcaldesa faise un receso na sesión, reanudándose a mesma ás 12.18 horas.

**Sra. Alcaldesa:** Bueno, retomamos o Pleno e abrimos un segundo turno de intervencións. E... Gemi, ten a palabra.

**Sr. Varela Filgueiras:** Si, bueno, eu e... ao final non sei, indubidablemente como vai a quedar despois do que falamos aí, pero eu xa dixen antes que íamos a apoiar calquera tipo de iniciativa. O que é certo é que eu creo que aquí hai un problema de fondo, e o problema de fondo que é o ensino neste país mídese por números e por criterios economicistas, e de aí non se move a Xunta. E eu entendo que pechen as unitarias é un problema para todos, é un problema tanto para os nenos como para os pais e as nais, e incluso para a zona, porque entendo que nas unitarias a relación que manteñen os alumnos, tanto cos profesores coma co resto do alumnos, son relacións moito máis estreitas e moito máis favorecedoras. E como dixen antes, o certo é que para a Xunta prima e... priman os números, e se ven é certo que para eles é inviable manter unha escola unitaria aberta cun ratio de menos de seis alumnos, tamén é certo que non sempre é así, porque noutros casos mira para outro lado, por exemplo cando o ratio é maior de 25 alumnos, como xa se ten dado o caso, non dobra grupo, que é o que debería de facer con este ratio. E... o que está claro é que nesta última década a Xunta leva pechadas creo que máis de 200 escolas unitarias, e isto non é máis que unha política de desmantelamento do ensino público, porque priman, como dixen antes, máis que nada, os criterios economicistas antes que a calidade do ensino. Pero bueno, como dixen antes, eu... vamos a apoiar a iniciativa, porque cremos que hai que loitar con todo tipo de medios contra o peche ou máis ben a reapertura deste colexio.

**Sra. Alcaldesa:** José Ángel.

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Nós tamén imos a apoiar, entendemos que se poden abrir varios debates, como o que abriu fai un momento, por exemplo no sentido de que efectivamente ao mellor se podería ter feito máis dende o Concello nalgún momento dado para intentar que houberse máis poboación e máis nenos en O Seixo. Tamén é posible que puidésemos abrir outro debate nos recortes de educación, por parte da Xunta, pero seguramente que agora pois o que estamos, e a urxencia, o carácter urxente da... desta convocatoria é porque se vai a pechar a escola xa, inmediatamente, entón cremos que o primeiro pois é falar cos... coa Consellería de Educación e a ver si se pode evitar.

**Sra. Alcaldesa:** Lola.

**Sra. González Lorenzo** (que traducido di): Eu creo que a urxencia está precisamente reflectida nese Diario Oficial de Galicia que se publicou, que tamén estrañamente este ano publícase máis tarde do... anos anteriores. É a Xunta a responsable dos peches e aperturas, a Xunta a que se nega a abrir a de Pedroso con seis alumnos, e é a Xunta a que cambia os criterios e o número de alumnos en función do ano que... cando lle convén, estivo en 5, estivo en 10, estivo en 7, estivo en 6. Señor Miguel Mahía, dame igual os xestos que faga vostede, pode serguir provocando, e siga provocando todo o Pleno e facendo uso da súa educación. Co cal, a urxencia para min... bueno, neste caso é a súa ausencia de educación...

**Sra. Alcaldesa:** A ver, por favor.

**Sr. González Lorenzo** (que traducido di): Neste caso eu creo que o Concello si ten tomadas medidas... pero non é o caso, o caso é que a Xunta quere pechar esta escola, e que algo que si se falou na assemblea tamén onte, a Xunta pecha esta escola, criterios economicistas, pero amplía os convenios coas privadas. Bueno, hai doce nenos nados no Seixo susceptibles de ir a esta escola, hai unha cousa clara que tamén se tratou onte, e é que non se pode obrigar a elixir aos proxenitores a que escola van os seus fillos, pero que si pode haber alumnado, estes cinco deste ano, incluso pode haber algún máis, e en anos vindeiros hai doce nenos susceptibles de ir a esta escola. Co cal, por parte do grupo de Esquerda Unida mantemos o acordo tomado na Xunta de Voceiros, e é o que imos votar.

**Sra. Alcaldesa:** Juan Domingo.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Bueno, a ver. E... imos partir de... eu creo que hai cuestións que son moi curtopracistas, e eu creo que é un perigo o feito de tomar medidas a curto prazo. ¿Por que?. Porque temos resultados como o que hoxe temos aquí, políticas de curto prazo que teñen como consecuencia non ter feito nada e que chegamos a unha situación onde se pecha un colexio, e que non estou facendo responsable ao Concello, estou facendo responsable igualmente a todo o sistema, quero dicir, a Xunta de Galicia terá un criterio, que entendo que é un criterio obxectivo, non creo que sexa caprichoso, como aquí parece que se manifestou e... e ¿Por que?, pois home, porque é evidente que nesa década, como dicía o voceiro do BNG, pechouse... pechouse un montón de unitarias, pero tamén se fixeron cando estaba o bipartido... o bipartido na Xunta, de feito no ano 2006 pecháronse 28, 28 unitarias, si... 28... home, gobernou moito menos o BNG, está claro.

**Sra. Alcaldesa** (que traducido di): A ver, por favor, non increpase.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): En todo caso e... é obvio que hai un problema, e non é unha cuestión de políticas ou non políticas, hai un problema de natalidade e hai que facer algo ao respecto. En todo caso e... hai un criterio, e fíxose un criterio, un criterio que podemos estar de acordo con el ou non, pero temos que combatelo, porque entón se non os combatemos, con argumentos e con medidas non hai maneira... E... loxicamente igual que se pecharon se abriron novos e... novas escolas unitarias, abríronse novas ¿eh?, caso de Novo Mesoiro, Milladoiro, Arteixo, Vilalonga, Pazos de Rei... pero eu non me quero meter nese tipo de debates, porque eu creo que non nos producen ningún tipo de solucións, e nós dixemos esa cuestión. Non é un... non é un tema só de ratios, non é un tema de economizar ou non economizar, trátase de optimizar recursos, e a Xunta intenta optimizala. É verdade que agora nós como Mugardeses non podemos aceptar que unha escola se peche porque si, pero hai un ratio feito. Ben, a vostede non lle gustan os ratios, pero en todo caso, díxenllo o outro día na comisión, a escola aquí, co BNG gobernando, as ratios por ter a escola infantil aquí pois había un ratio para pechala, o 15%, se non había un 15% de nenos pechábase a escola infantil en verán. ¿Por que estipulamos un ratio no Concello de Mugardos para a escola infantil?. Non fagamos ratios, que van en contra do que vostede acaba de dicir agora. ¿Por que cada vez que se pecha o espazo infantil por non ter un número mínimo de solicitudes pechamos o espazo infantil de xogo, que é un área de conciliación?. Vostedes péchana e pechárona tamén cando eran goberno, cando non había un mínimo. ¿Por que aplican un ratio cando gobernan e dinlle á Xunta que non faga un ratio cando goberna a Xunta?. Se nós non estamos de acordo con que os ratios non son útiles para optimizar os recursos públicos, ¿Por que o Concello de Mugardos utiliza os ratios nas súas actividades?. ¿Por que?. ¿Por que predicamos e non damos exemplo?. Porque é moi doado... e iso facémolo aquí, e podemos presumir de moitas cousas, pero de ser coherentes non. E o certo é que o Concello de Mugardos faino, na Escola de Música hai un mínimo de tres persoas para poder ter o instrumento. ¿Por que se nega á xente que toca un instrumento a ter que ter outros tres amiguíños na clase?. ¿Por que?. Fagamos iso, teñamos un só instrumento para cada alumno. E ao final chegaremos á conclusión e ao paradoxo de falar de que temos que optimizar os recursos públicos, pero vostedes están a pedir que poñamos un profesor de instrumento para cada un dos instrumentistas, é dicir, que chegaremos á ilóxica de ter un profesor por alumno. Iso non é sostible, señores do BNG, non é sostible. Polo tanto hai que ter unha serie de razoamentos e de argumentos para intentar que a xunta teña que retorcer o brazo, e para aí poden contar con nós ¿eh?. E a esas políticas de si a Xunta... nós sempre apoiamos o mellor para Mugardos, independentemente de que a vostedes gústelles mellor ou non facelo. Entón nós estamos dispostos a cargar contra a Xunta con argumentos, pero mire, se van a contar con nós para ir alá a dar a pataleta e dicir, mire, é que vai a haber nenos no futuro. Mire, é que iso non é un argumento serio, é como se vostede me di que nunha empresa que pecha, dime, non, é que imos ter encargos no futuro... mire, non, ou é viable ou non o é, e non podemos soste. Vostede cre que cando Alcoa ou algunha empresa presenta un plan de viabilidade dille, non, é que vai a ser viable despois... dixen, ¿e como o vai ser?... bueno, xa veremos despois. Non, aquí temos que presentar argumentos, e nós onde disentimos con todos vostedes é en que nós temos argumentos e queremos poñer argumentos. Dixeron tamén, para

rexeitar, que agora non podemos poñer vivendas a disposición porque non as temos etc, etc... pero podemos poñer outra serie de medidas que haberá que facer. E nós estamos dispostos a reunirmos mañán mesmo, con carácter de urxencia, para intentar buscar esas medidas que encaixen legalmente. Se é unha cuestión de traballar, nós estamos dispostos a traballar e a esforzarnos por medidas para que esas medidas se poidan levar á Xunta. ¿Que a Xunta toma as medidas que queira independentemente do que puxemos encima da mesa?. Oia, si, pero o Concello de Mugar dos está pola labor de poñer encima da mesa medidas con argumentos, que é o que hai que presentar cando acontece unha cousa deste tipo. Porque quen presenta argumentos ten máis posibilidades de quen non ten ningún argumento máis que vai ser viable, porque os nenos hai, pero non van. Iso é como que vai, abre unha academia de idiomas e di, non, se teño 5.000 habitantes, pero non me veñen a clase. Vostedes ten potencialmente, pero non están na aula. Polo tanto algo fixemos ou no fixemos que non invita para que eses alumnos vaian ás aulas, que é o que nos interesa. Porque se non van ás aulas temos colexios con poucos alumnos, e ao final é o paradoxo, cal é o número, preguntei eu onte na comisión, cal é o número axeitado se vostede gobernase a Xunta, ¿eh?, señor Gemino, se fose vostede o Presidente da Xunta, e diga, ¿cal é a ratio que vostede impoñería para non pechar unha escola unitaria?. ¿Un alumno?.

**Sra. Varela Filgueiras:** Un, si.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Un alumno. Pois entón, ¿por que cando vostedes gobernaban co BNG tiñan un instrumento tres alumnos?. Claro, é que daquela non era vostede...

**Sra. Alcaldesa** (que traducido di): A ver, por favor, non interromperse.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Non tiña claro... non tiña gañas, claro.

**Sr. Varela Filgueiras:** Hai dereitos básicos, hai dereitos básicos...

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Hai dereitos básicos.

**Sra. Alcaldesa** (que traducido di): Non interromperse, por favor.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Si, si, básicos. E non se cercena...

**Sr. Varela Filgueiras:** E a educación é un dereito básico.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): E non se cercena ningún dereito básico, porque os nenos non quedan sen escolarizar...

**Sr. Varela Filgueiras:** Ah... claro.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Teñen unha escola a un quilómetro.

**Sr. Varela Filgueiras:** Si, si.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Entón non me diga vostede que perden iso. Iso... esa lóxica téñena onde hai áreas urbanas ou... perdón, rurais, onde non hai capacidade para que eses nenos vaian a un colexio. Bueno, o turno téño eu, pida vostede o seu punto... por favor, Alcaldesa.

**Sra. Alcaldesa** (que traducido di): Por favor. Non intervir.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Grazas.

**Sra. Alcaldesa** (que traducido di): Non interromper.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): En todo caso e... nós queremos buscar solucións e poden contar con nós solucións, ¿que algunhas non se poderán facer a curto prazo?, seguramente non, pero ao menos hai que levar un compromiso diante da Xunta de Galicia de que temos a intención de facelas efectivas, e que imos estudar cales poden axudar a incentivar que os nenos e nenas do Seixo poidan estar alí, ou cando menos intentar, se iso non é unha solución viable agora mesmo, e como dixeron nalgún momento, que hai nenos suficientes pero ao mellor o ano que ven hai máis, pois ganar tempo cunha serie de medidas que gañemos tempo diante da Xunta para dicirlle, bueno, o ano que ven imos telos. Pero mire, para cando os teñamos imos poñer estas medidas encima da mesa, para que o seguinte ano non teñamos o problema de novo, ese é o tema de hoxe, e iso é o que defendemos. O que non defendemos é que hoxe digámoslle que ímolos a ter, ¿e se non os temos?, ¿pechámola para sempre?. E logo que argumento levaremos á Xunta, ¿protesta outra vez?, ¿unha nova reunión co seguinte delegado de educación que exista alí?. Dirán, vostedes que fixeron durante todos estes anos... É dicir, eu creo que... está moi ben, nós sumámonos ¿eh?, oia, nós defendemos os veciños, ¿queremos que estea perfectamente o punto un que din vostedes por aquí, que rexeitamos a decisión... rexeitamos. Queren vostedes solicitar unha reunión co Delegado, nós tamén. Convocar unha sesión extraordinaria, estamos aquí. Pero tamén queremos que nós levemos, cando menos, a vontade concreta de que imos a comprometer os nosos esforzos para axudar. E esa é a labor, creo eu, da Corporación, que ten que facer. Porque se chegar á Xunta e dicirlle que simplemente ímonos a basear nós cálculos que imos facer de que o ano que ven puidese haber alumnos, se nin saquera saben se van a ir a matricularlos ese ano. Porque unha cousa é que os haxa, e outra é que se vaian a matricular, que son dúas cousas distintas. Polo tanto eu oxalá iso puidese acontecer, oxalá. Pero eu non podoo garantir unha viabilidade diante dun Delegado dicíndolle que posiblemente se matriculen... ¿e vostede sabe si se van a matricular?. Bueno, sabelo non o sei, pero claro, habelos hailos. Non, eu creo que ir con argumentos serios diante dunha Consellería, porque lémbrolle que é unha medida que está publicada no boletín... no DOG. Polo tanto salvo que deamos argumentos de verdade iso non vai ter marcha atrás. A protesta en si mesma non supón e... un valor engadido neste caso, porque hai un montón de escolas unitarias que tamén pecharán e protestarán, e ao final pecharán. E eu non quero, como Mugarde, que se peche, pero quero tamén que se diga que cando menos os concelleiros de Mugarde fan tódolos seus esforzos intentando... tomando medidas, que ao mellor ao final non frutifican, pero que fixemos o imposible para que de



verdade se poidan adoptar medidas, e fomos á Xunta con medidas encima da mesa, e que Xunta nos diga, non, non, non, non e non. Aí é cando vamos co autobús con vostedes a protestar diante da Xunta de Galicia, pero antes non.

**Sra. Alcaldesa:** Ben, antes de sometelo a votación e... dúas consideracións e... nada máis. En primeiro lugar, da intervención do voceiro do Partido Popular, que se non me equivoco dixo textualmente, os criterios non se combaten nin con argumentos nin con políticas... si o criterio está establecido é obvio que aínda que fagamos unha batería de intencións, que como tamén ben dixo, non son plans de viabilidade, o único que poderíamos establecer agora é as intencións de, porque como acabamos de reflexionar creo que entre todos, a Escola do Seixo está pechada, o curso escolar empeza en setembro, e polo tanto esa posibilidade que abre o Partido Popular serían só intencións de posibles medidas sen ningunha medida concreta; polo tanto estaríamos co mesmo argumento que se está rexeitando aquí, no sentido de que só mostramos intencións, só mostramos intencións do número de nenos e nenas que hai empadronados no Seixo e que poden nutrir á Escola do Seixo. O que si non foi unha intención é a obra que asumiu o Concello para darlle viabilidade ao curso anterior, polo desentendemento da Xunta de Galicia, que trasladou aos nenos e nenas á Escola de Franza. Igual que agora mesmo publicouse o peche para trasladalos ao centro Santiago Apóstolo de Franza. Polo tanto, se non queremos seguir falando de intencións, porque iso non significan os plans de viabilidade da empresa, é obvio que a estas alturas, que esperamos que o Delegado Territorial nos reciba, non se podería levar ningunha decisión tomada en efectivo, polo tanto estaríamos falando, como dicía o portavoz do Partido Popular, de carga de futuro no traballo pero que con iso non se gañan as batallas, según se dixo, e ademais se non se combate nin con argumentos nin con políticas os criterios da Xunta, só podemos confiar en que o Delegado Territorial e a Directora Xeral de Centros e Recursos Humanos e o propio Consello da Xunta de Galicia adopte medidas diferentes, non só en canto á Escola Unitaria de O Seixo, senón tamén na escola unitaria que cumpre eses criterios mínimos de 6 alumnos, como a do Concello de Narón, e que a día de agora non teñen previsto reabrir. Se somete... supoño que queredes someter a adición, Juan Domingo, ou non.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Eu queredes unha aclaración... simplemente para zanxar isto... e con ánimo construtivo...

**Sra. Alcaldesa:** Non... non, non, digo, pregunto. Si a queredes... si a queredes incorporar. ¿Que se vote ou non?. Non... Vas...

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Non o sei... era simplemente para aclarar unha cousa...

**Sra. Alcaldesa:** Dalle ao...

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Con ánimo construtivo ¿eh?, totalmente. Díxeno antes, e é verdade que o Concello de Mugar dos ao mellor non ten agora vivenda ou non ten algunha cousa, pero poderíase buscar solucións. E díxeno, podemos aínda buscar solucións. E díxollo porque había antes... e verdade que falamos de certas cuestións pero

poden ver vostedes aquí 16 familias, noticia, 16 familias preséntanse á oferta do Concello de Trabada de dar casa a parellas con nenos de 3 a 6 anos, o Consistorio recibe chamadas de Galicia, La Rioja, Ciudad Real ou de cidadáns venezolanos e colombianos. Bueno, é unha das cuestións que formulara nese receso, e que podería... que podería mirarse algunha medida ao respecto, non estou falando de que teña que ter vivendas Mugardos, que obviamente non as ten nin as vai a comprar agora de xeito urxente, evidentemente. Pero si podemos ter alugueres ou algunha outra medida que probablemente entre todos cheguemos a unha medida construtiva, e que puidese dar, ao mellor, un alento, nada máis, non estou a falar de que nos poida... podamos gañar tempo para que o ano que ven, efectivamente, se hai nenos, como se dixo aquí, que lle deamos tempo a eses nenos de poder escolarizarse de verdade. Eu simplemente dicíamolo por ese ánimo de intentar contribuír dalgún xeito efectivo a que hai medidas que se están a facer por parte dalgún outro, nada máis. Non quería facer nada máis.

**Sra. Alcaldesa:** A ver.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Non queremos nin presentalo para que nolo voten en contra, simplemente queríamos buscar solucións, e vostedes non quixeron nese caso sentarse a buscar esas solucións e polo tanto pois...

**Sra. Alcaldesa** (que traducido di): Ben, sen ánimo de acritude.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Nada, ningunha, ningunha.

**Sra. Alcaldesa** (que traducido di): Sen ánimo de acritude, creo que como todo o mundo sabe a Xunta de Galicia abriu recentemente unha convocatoria, na que entra o Concello de Mugardos, para menores de 35 anos, para facilitar a compra de vivenda. É obvio que O Seixo entra, porque o temos na zona ARRU, temos a zona ARRU, temos... estamos adheridos ao convenio de vivendas baleiras, que era imprescindible para a rehabilitación desa vivenda. Nós pola nosa parte, en todo caso, si se quere debater sen estar vinculado a esta proposta que traemos, e polo tanto sen estar vinculado á continuidade de... do Seixo, si que podemos debater entorno ao acceso a vivenda nunha comisión, pero que valla para todo o termo municipal e non vinculado á reapertura da Escola do Seixo.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Xa, pero... pero a Alcaldesa sabe perfectamente que o problema agora témolo no Seixo, e podemos falar de tódolos temas que vullan para... en beneficio de tódolos mugardeses, pero eu creo que deberíamos de sentarnos nunha comisión urxente, monotemática, para intentar entre todos levar medidas... medidas que xa digo, que son intencionais, evidentemente, ¿estamos dispostos a dotar de alugueres a familias?. ¿Estamos dispostos?. Pois estamos, si, non. E poñer diante da Xunta de Galicia esas medidas, dicir, mire...

**Sra. Alcaldesa:** Juan Domingo, por zanzar o... por zanzar o tema. Non é un tema, o acabamos de ver no Pleno anterior coa moción que se presentou por parte do Comité de Empresa de Navantia do desmantelamento industrial desta comarca, o percibimos cando o exconselleiro de Política Social anunciou un Plan de Natalidade, que por certo, non chegou a

ter ningunha medida concreta, e o vemos nunha situación que non é única e exclusivamente do Concello de Mugardos, pero que non podemos vincular, polo menos así o entendemos nós, é a reapertura do centro de O Seixo tendo un número de alumnado que ten capacidade de seguir, e despois de facer ese esforzo a inversión, a que o Concello de Mugardos adopte de forma urxente unhas medidas específicas para o Concello, non, senón única e exclusivamente para o núcleo de O Seixo. E que polo tanto esas medidas deberían de ser, si se chegan a adoptar, do conxunto do término de Mugardos, pero nunca ademais vinculado á aprobación da Escola Infantil de O Seixo, e á demanda da súa reapertura, porque estamos falando doutro tema totalmente diferente. Bueno, o sometemos a votación.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Non, en todo caso nós imos manter esa posición, de ter ese punto de... de adición...

**Sra. Alcaldesa** (que traducido di): ¿Pero queredes que se vote?.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Á propia proposta, que poden rexeitala ou non, para que se vote, o feito de engadir á proposta que se trae hoxe o feito de que se tomen medidas concretas...

**Sra. Alcaldesa**: Concreta... concreta o texto para que o poida...

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Si, a concreta é que mañán mesmo nunha comisión extraordinaria e urxente, tódolos grupos que forman parte desta corporación, intenten elaborar medidas concretas e urxentes para que non peche a Escola de O Seixo, tomando medidas moi concretas. Independentemente diso despois nos volvemos a sentar para tódalas medidas.

**Sra. Alcaldesa**: Non... non, non...

**Sr. Deus Fonticoba** (que traducido di): Que se concreten no Concello. Así xa rematei.

**Sra. Alcaldesa** (que traducido di): É que ese non é o texto. Senón pásalo por escrito.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Non, o texto é, acáboo de dicir, e eu creo que o entendeu o secretario... Bueno, repítoo outra vez, repítoo outra vez para que quede constancia.

**Sra. Alcaldesa** (que traducido di): Ou é o texto da Xunta de Voceiros.

**Sr. De Deus Fonticoba**: ¿Como?.

**Sra. Alcaldesa** (que traducido di): O texto da Xunta de Voceiros.

**Sr. De Deus Fonticoba**: ¿Que texto?.

**Sra. Alcaldesa** (que traducido di): O que está recollido no ditame.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Si, si, o texto que traedes aquí de proposta.

**Sra. Alcaldesa** (que traducido di): É que non é o mesmo, claro.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Imos ver, teñen vostedes o texto da acta e pon, punto número un, acordo, rexeitar a decisión... dous, solicitar unha reunión co Delegado. Punto tres convocar unha sesión extraordinaria. E nós queremos engadir o punto cuarto, que sexa, que unha comisión específica e... sobre este tema...

**Sra. Alcaldesa:** A ver, si me permites. Sería que... a comisión... da igual, a Xunta de Voceiros, vamos a poñer...

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Non, porque non... sabemos que non pode adoptar acordos.

**Sra. Alcaldesa:** Si, pode adoptalos, pode votar, si.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): En todo caso, que a comisión de vivenda deste Concello adopte medidas....

**Sra. Alcaldesa:** A comisión de... a comisión de viven... de vivenda...

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Ou de benestar, dame igual.

**Sra. Alcaldesa:** Convocada de xeito extraordinario, supoño que é isto ¿non? que pon aquí, poña medidas alternativas de conciliación, de políticas fiscais e de subvencións para que as familias queden no Seixo. Dígoo porque é o texto da Xunta de Voceiros.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Si, pero non nos gusta a redación da Xunta de Voceiros, entón e... como vostede supuxo mal eu dígolle cal é o punto, eu xa... redáctollo eu, non se preocupe. O que propoñemos no punto cuarto textualmente é, que con carácter de urxencia mañán se reúna unha comisión especial, que danos igual á área, para determinar medidas concretas para adoptar medidas para levar a esa xuntanza coa Xunta de Galicia, medidas concretas para facilitar vivenda a familias ou outras medidas que faciliten asentamento de familias en O Seixo.

**Sra. Alcaldesa:** Vale, moi ben.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido di): Iso é o que quero dicir.

**Sra. Alcaldesa:** Bueno, pois se somete a votación a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, votos a favor, en contra, abstencións.

De seguido sométese a votación a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, e o Pleno da Corporación, por 5 votos a favor (5 PP), 7 votos en contra (4 EU-SO-EN COMÚN, 3 PSOE) e unha abstención (1 BNG), acorda rexeitar a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

**Sra. Alcaldesa:** Votamos entón a proposta que traíamos. Votos a favor, en contra e abstencións. Vale, se levanta o Pleno. Grazas.

E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as doce horas e corenta e un minutos do día ó comezo sinalado, pola Sra. Alcaldesa-Presidenta levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario Accidental, dou fe.

Vº e praxe  
A ALCALDESA,